

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 5 DE XULLO DE 1993.-

Na Casa do 1ltmo. Concello de Ribadavia o día cinco de Xullo de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso e Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira deste Concello.

Xustifica a súa ausencia Don Ricardo González Amaro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 30 de Xuño pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Matías Alvarez Rivera, veciño de Badajoz, con domicilio na rúa Jalifa, 13, que fai referencia a un acordo desta Comisión de data 16 de Novembro de 1992, a Comisión de Goberno acorda reiterar da Delegación Provincial da COTOP o contido do escrito nº 2.238, do 19 de Novembro último, ó que se achegaba informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, para a cumprimentación pola COTOP dos traballos correspondentes, remitindo de novo o devandito informe técnico.

Visto o escrito de Don Francisco Javier Bouzas Yáñez, veciño de Prexigueiro, no que prega información urbanística sobre un terreo da súa propiedade sito no lugar de San Cristovo, a Comisión de Goberno amosa a súa conformidade co informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Para a zona de referencia é de aplicación a Ordenanza UMBII. Cabe destacar: residencial. Vivenda unifamiliar e agrupada. - Aliñacións : as definidas no correspondente plano.- O vial terá que quedar de 5 metros entre liñas de cerramentos, ou sexa, retranquearse a 2,50 metros do eixe.- Posición: illada.- Unifamiliar: retranqueo a 3 metros con respecto a tódolos lindeiros.- Agrupada e outros usos: retranqueo a 5 metros con respecto a tódolos lindeiros.- Condicións de parcelación: vivenda unifamiliar, parcela mínima 300 m/2; fronte mínimo, 12 metros.- Vivenda agrupada e outros usos: parcela mínima 500 m/2, fronte mínimo, 20 metros.- Unifamiliar: dúas plantas (baixo máis unha) e 7 metros.- Permítese o aproveitamento baixocuberta.- A ocupación máxima resultante, 50%, establecéndose como edificabilidade a resultante da ocupación pola altura.- Condicións estéticas: fachada de pedra do país ou acabados en morteiro monocapa.- As cubertas serán inclinadas sendo o seu material tella cerámica plana ou curva".

Visto o escrito de Don Eloy Soto Lorenzo, desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, 16, no que prega información urbanística sobre un inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 16, a Comisión de Goberno amosa a súa conformidade ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "No emprazamento de referencia e na rúa Muñoz Calero hai unha edificación de uso industrial adicada á actividade de fabricación de licores; a ampliación destas industrias en solo urbano coido que non é posible, sendo vontade da COTOP e Concello crear unha área industrial en San Cristovo, para acoller todo este tipo de industrias.- Esta finca dispón de dúas zonas con calificacións urbanísticas diferentes e delimitadas pola correspondente trama segundo os planos das NN.SS.; zona con fachada a Muñoz Calero, que corresponde a solo urbano, sendo de aplicación a Ordenanza RC; o resto da finca ata a estrada do Xestal coa calificación de SUB(UM).- Fronte a Muñoz Calero, Ordenanza 4.1, residencial pechada, espacio en ordenación pechada, con patios interiores, de uso xeralmente a vivenda en plantas altas e varios usos na baixa e sotos.- Aliñacións e rasantes, as do Planeamento.- Condicións de parcelación, solar mínimo 60 m/2; fronte mínimo, 6 metros.- Condicións de

edificaci3ns: ancho de calle, de 12 a 20 metros.- Altura de cornisa, 20 metros; n3mero de plantas 6; fondo de edificaci3n, 20 metros.- O espacia interior do pol3gono delimitado trazando paralelas 3s ali3naci3ns exteriores 3 distancia sinalada como fondo de edificaci3n ser3 considerada como patio de maz3 e edificaci3n dunha planta ou 5 metros de altura.- E de aplicaci3n a normativa concordante.- Fronte 3 estrada do Xestal: solo urbanizable coa prescripci3n usos mixtos.- Este tipo de solo desenvolverase mediante o correspondente plano parcial.- Ata a aprobaci3n do mesmo s3 poder3n realizarse obras ou instalaci3ns contidas no correspondente plano especial, e mesmo aquelas de car3cter provisional ou propias do solo non urbanizable.- Para a s3a edificaci3n estarase 3 procedemento sinalado na L.G.S., artigos 39, 40, 41 e 42 e concordantes e a documentaci3n correspondente a Concellos de 3rea 2, segundo as NN.SS. provinciais, artigo 24, Ordenanza reguladora de solo non urbanizable.- Cabe destacar unha ali3naci3n segundo o plano das NN.SS. da estrada do Xestal, cunha separaci3n m3nima de 5 metros con respecto 3s lindeiros.- Para as industrias, parcela m3nima de 5.000 m², ocupaci3n m3xima 20%, edificabilidade m3xima, 0,20 m²/m², e altura m3xima de 8 metros".

Visto o escrito de Dona Antonia Vidal P3rez, veci3a desta Vila, con domicilio na r3a Mera Soto, n3 6, no que prega se lle conceda un lugar fronte 3 Praza de Abastos para a venda de golosi3as, ou ben noutro emprazamento desta Vila, a Comisi3n de Goberno, por unanimidade, acorda comunicar 3 interesada que non se pode permiti-la instalaci3n desta clase de establecementos nos lugares que sinala no seu escrito.

A Comisi3n de Goberno, por unanimidade, concede a s3a autorizaci3n a Don Manuel Dea3o Troncoso, veci3o desta Vila, para a instalaci3n da acometida de auga para usos dom3sticos, no inmovible sito na r3a do Carballi3o, 37, 23 B. O interesado far3 aboamento da cantidade de 7.000 pesetas en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficar3 nula e sen efecto.

Vistos os escritos da Asociaci3n de Veci3os de Francelos e mesmo de Don Avelino Garc3a Mart3nez, Concelleiro, que fan referencia a unha Resoluci3n, que se lle notificou 3s ditos veci3os pola Confederaci3n Hidrogr3fica do Norte de Espa3a, na que se outorga a concesi3n dunha minicentral no r3o Outeiro ou Brull, a Comisi3n Municipal de Goberno deixa constancia de que este Concello, no momento procesal oportuno, xa presentou o

correspondente escrito de alegacións neste expediente, que foi asinado polo entón Alcalde, Don Xosé María Vázquez Pérez; nembargantes, estima axeitado que se trate polos veciños de Francelos de instrumenta-los medios legais correspondentes para a defensa dos seus intereses, e neste senso acórdase que se contraten os servicios dun avogado por conta do Concello, para o exercicio das correspondentes accións, facultándose ó Sr. Alcalde para este trámite e demais que se deriven do exercicio destas accións de carácter contencioso.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión os seguintes:

Da Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural, sobre a obra nomeada Pavimentación e Cunetas no Camiño Muíño, en San Cristovo, cun presuposto de execución de 2.500.000 pesetas para o que se concede unha axuda de 1.000.000 pesetas, coa advertencia de que deberá ser rematada denantes do vindeiro 30 de Novembro.

Sentencia do Xulgado e Ribadavia no xuízo de faltas nº 27/93, que condena ós denunciados Don José Tielas González e Don Paulino Soto Escudero, como autores dunha falta de desobediencia leve á Autoridade con multas de 15.000 pesetas a cada un.

Escrito da Dirección Xeral de Cultura sobre programación para a participación nos Circuitos Culturais e mesmo fixando os investimentos a cargo deste Concello; polo que atinxe á actuación concreta de Emilio Cao, que ten un investimento para o Concello de 656.600 pesetas, faise constar que será con cargo ó presuposto concreto das Festas Patronais de Setembro, pois o día de actuación é precisamente o día 7 deste mes de Setembro.

En relación cun escrito da Oficina Provincial da Cruz Vermella sobre axudas de carácter social a Comisión Municipal de Goberno acorda que se comunique esta circunstancia ós señores Alcaldes de Barrio do Concello para que sinalen as persoas que precisan desta clase de axudas.

Anuncio da Deputación Provincial no BOP nº 147, do 30 de Xuño, sobre aplicación de remanentes de planos adicionais do ano 1993, que inclúen obras en Arnoia, Ourense e Nogueira de Ramuín.

Lei 8/1993, do 23 de Xuño, da Xunta de Galicia, reguladora da

Administración Hidráulica na nosa Comunidade Autónoma.

Escrito da Delegada Provincial da Oficina do Censo Electoral sobre normas para a inscrición de estranxeiros no Padrón Municipal de Habitantes.

Escrito de Cotragua S.L., sobre atención da mesma no verán deste ano.

Escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, que concede unha axuda de 200.000 pesetas para Escolas deportivas neste Concello.

En relación co escrito de Unidade de Recadación Executiva, nº 32/010, de Ourense, que fai referencia a expediente administrativo de apremio, nº 90/1107, contra Construccións P.F. Rios S.L., de data 23 de Xuño pasado, a Comisión de Goberno fica enterada, ós correspondentes efectos legais da dilixencia de ampliación de embargo de certificacións de obra, segundo o seguinte detalle: principal reclamado, 31.917.042 pesetas, recargo 6.383.401 pesetas, e toma nota desta dilixencia de embargo na contabilidade do Concello.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

LICENCIAS DE UTILIZACION DE TERREOS DE DOMINIO PUBLICO LOCAL (FEIRAS).-

Vistas as solicitudes presentadas, a Comisión Municipal de Goberno na súa condición de órgano de asistencia permanente ó Sr. Alcalde, segundo o artigo 53 do ROF, do 28 de Novembro de 1986, concede a correspondente licencia para a utilización de terreo do dominio público local no recinto que se adica ás feiras desta Vila ós seguintes señores, salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros, prestando aprobación tamén ós aboamentos levados a cabo polos mesmos segundo as autoliquidacións correspondentes, practicadas de acordo co establecido na correspondente Ordenanza Fiscal deste Prezo Público, segundo o seguinte detalle; e con vixencia para o segundo semestre do corrente ano 1993 :

A Dona Engracia Marino Campos, de Ponteareas, para un posto de venda de produtos alimenticios, de 4 metros de fachada, aprobando tamén o aboamento xa ingresado pola mesma por importe de 14.400 pesetas.

A Don Antonio González Labrador, veciño de Ourense, para un posto de venda de roupa, de 7 metros de fachada, aprobando tamén o aboamento xa ingresado polo mesmo por importe de 24.000 pesetas.

A Dona Aurora Baranda González, veciña do Carballiño, para un posto de venda de caldeira de polbo, aprobando tamén o aboamento xa ingresado pola mesma por importe de 18.000 pesetas.

A Dona Josefa Mosquera Iglesias, veciña do Carballiño, para un posto de venda de caldeira de polbo, aprobando tamén o aboamento xa ingresado pola mesma por importe de 18.000 pesetas.

A Don Aquilino Lage Veiga, veciño do Carballiño, para un posto de venda de pan e queixos, de 4 metros de fachada, aprobando tamén o aboamento xa ingresado polo mesmo por importe de 14.400 pesetas.

A Dona Teresa Nanín González, veciña do Carballiño, para un posto de venda de queixos, de 2 metros de fachada, aprobando tamén o aboamento xa ingresado pola mesma por importe de 14.400 pesetas.

A Don Martín González Fernández, veciño do Carballiño, para un posto de venda de caldeira de polbo, aprobando tamén o aboamento xa ingresado polo mesmo por importe de 18.000 pesetas.

A Dona María del Carmen Lage Veiga, veciña do Carballiño, para un posto de venda de queixos, de 4 metros de fachada, aprobando tamén o aboamento xa ingresado pola mesma por importe de 14.400 pesetas.

A Don Jesús Salvador Núñez, veciño de Lugo, paraa venda xamóns en camiión, aprobando tamén o aboamento xa ingresado polo mesmo por importe de 28.800 pesetas.

LIQUIDACIONES DE TAXAS POLO PREZO PUBLICO DAS FEIRAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 1993.-

Tamén a Comisión Municipal de Goberno, como órgano de asesoramento ó Alcalde, segundo o artigo 53 do R.O.F., do 28 de Novembro de 1986, acorda inicia-los trámites correspondentes para a instrucción do axeitado expediente, segundo os informes

que faciliten os señores cobradores, para a aprobación de liquidacións complementarias ós señores que ocuparon lugares de dominio público local no primeiro semestre do corrente ano co gallo das feiras de Ribadavia.

REQUIRIMENTO A SEÑORES QUE DESEXEN OCUPAR TERREOS DE DOMINIO PUBLICO LOCAL CO GALLO DA CELEBRACION DE FEIRAS NESTA VILA.

Tamén a Comisión de Goberno, na súa condición de órgano de asesoramento ó Sr. Alcalde, segundo o artigo 53 do ROF, do 28 de Novembro de 1986, acorda que precisamente o Sr. Alcalde dirixa unha comunicación ós vendedores que desexen utilizar terreos de dominio público local para a instalación de postos de venda nos días de feira de Ribadavia a fin de que teñan a ben formaliza-la súa solicitude, denantes do día 10 dos correntes, procedendo tamén a practica-la correspondente autoliquidación, segundo a Ordenanza que rexe este Prezo Público, para o segundo semestre do ano en curso; e sen prexuízo, no seu caso, de levar a cabo as liquidacións complementarias en virtude do expediente que se tramitará ó efecto correspondentes ó primeiro semestre do ano en curso; sinalarase tamén que está á disposición dos mesmos a instancia e o impreso de autoliquidación; por último, farase a indicación de que este támara é urxente e imprescindible, pois noutro caso non se poderá permiti-la utilización do terreo de dominio público a que nos estamos a referir.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as nove menos cuarto do serán, ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.